

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA E MANTEMENTO, DE ATENCIÓN E INFORMACIÓN AO PEREGRINO, E DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou cos concellos galegos do Camiño Francés o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela para as seguintes liñas de actuacións:

Liña 1. Nesta liña teñen cabida as seguintes actuacións:

- Mellora das infraestruturas e bens do Camiño Francés no seu paso polos citados concellos para prestar unha boa acollida aos/ás peregrinos/as (obras de conservación e reposición por razóns de urxencia; obras de mellora do Camiño e a súa contorna, como establecemento e dotación de áreas de descanso...)
- Axuda da Axencia Turismo de Galicia en aqueles gastos nos que incorran os concellos do Camiño Francés para a atención aos/ás peregrinos/as, tales como iluminación pública, recollida de lixos...
- Actividades de promoción turística do Camiño Francés e do fito xacobeo (folletos, publicacións...), así como o desenvolvemento de actividades culturais e turísticas que contribúan a súa promoción.



Liña 2. Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos/ás peregrinos/as.

Para esta actuación, os concellos deberán contratar persoal que ostente formación en turismo e con coñecementos do Camiño de Santiago para atender e dar información aos/ás peregrinos, entre os meses de abril a setembro, ambos incluídos.

Así mesmo deberán procurar a actualización continúa da información facilitada a través das páxinas web do concello referida ao Camiño Francés e do fito xacobeo.

Liña 3. Inscripción na Asociación de Municipios do Camiño de Santiago.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde “a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

Segundo.- Os municipios de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela, todos das



provincias de Lugo e A Coruña, son os concellos polos que transcorre a ruta do Camiño Francés, e xunto coa Axencia Turismo de Galicia, están interesados en colaborar para a revalorización do Camiño, a súa mellora e conservación, e a prestación dunha mellor atención aos peregrinos que pasan a noite nos mesmos a través dunha atención e información ao peregrino, así como o desenvolvemento de actividades de promoción, culturais e turísticas que contribúan a súa posta en valor.

Que a través deste convenio, outórgase aos concellos galegos do Camiño Francés unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

